

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. **Sinale en cal das seguintes expresións está errado o artigo:**

- A) O legume
- B) A pálpebra
- C) O leite
- D) A teitume

2. **Cal é o recurso existente en "teléfonos móbiles intelixentes"?**

- A) Metáfora
- B) Metonimia
- C) Hipérbole
- D) Personificación

3. **Elixa a serie correctamente conxugada:**

- A) Eu fuxo, ti foxes, el/ela/vostede foxe
- B) Eu sigo, ti sigues, el/ela/vostede sigue
- C) Eu durmo, ti durmes, el/ela/vostede durme
- D) Eu desminto, ti desmintes, el/ela/vostede desminte

4. **O nome do ordinal do número 45 é:**

- A) Cuadraxésimo quinto/a
- B) Cuadraxésimoquinto/a
- C) Corentavo/a quinto/a
- D) Corentavoquinto/a

5. **Dor que se sente nalgunha parte do corpo a causa do exercicio físico violento ou prolongado:**

- A) Aguxetas
- B) Agulletas
- C) Maniotas
- D) Mantiotas

6. **O substantivo "Santiago de Compostela" é:**

- A) Un topónimo
- B) Un xentilicio
- C) Un antropónimo
- D) Un tropónimo

7. **A persoa que embarulla todo cando fala de tal maneira que non se lle entende o que quere dicir, é:**

- A) Barallete
- B) Baralocas
- C) Barateiro
- D) Falabarato

8. As palabras "afouteza" e "animosidade" son entre sí:

- A) Homónimas
- B) Antónimas
- C) Sinónimas
- D) Contrarias

9. Indique cal das seguintes series de substantivos masculino-feminino é correcta:

- A) León-Leona
- B) Folgazán-Folgazana
- C) Cirurxián-Cirurxiana
- D) Ancián-Anciana

10. A palabra "taquicardia" significa:

- A) Incremento da substancia graxa presente na membrana das células animais
- B) Aumento do ritmo dos latexos do corazón por riba do máximo normal
- C) Presión que exerce o sangue sobre as paredes das arterias
- D) Infiltración ou dexeneración adiposa dun tecido

Preguntas de reserva

1. Segundo as normas de acentuación, sinale a resposta correcta:

- A) Levan acento gráfico todas as palabras graves cando rematan en consoante distinta de -n ou -s ou en grupos consonánticos distintos de -ns
- B) Levan acento gráfico todas as palabras graves cando rematan en -n, -s ou -ns
- C) As palabras graves levan acento gráfico sempre
- D) Levan til as palabras graves cando rematan en consoante diferente de -n, -s ou -l

2. Das seguintes series, só unha contén na súa totalidade adverbios de tempo. Sinálea:

- A) Acolá-Ningures-A carón
- B) Algures-Abondo-Asemade
- C) Amodo-Devagar-Paseniño
- D) Acotío-Axiña-Arestora